

ACTA DE REALIZACIÓN DA PROBA DE GALEGO, CONTESTACIÓN Á RECLAMACIÓN DA FASE DE CONCURSO, RELACIÓN DE APROBADOS E NOMEAMENTO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE BIBLIOTECARIO/A NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

No Salón de Plenos do Concello de Salvaterra de Miño, sendo as 10:30 horas do día 13 de marzo de 2024, reúnese o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para cubrir unha praza de bibliotecario/a, correspondente á convocatoria de selección de persoal laboral fixo no proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Salvaterra de Miño, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 37 de 22 de febreiro de 2023, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidenta: Elena Aguete Landín, Técnica media de Arquivo e Biblioteca da Deputación Provincial de Pontevedra.

Secretaria: Silvia Freiría Correa, Técnica media de Bibliotecas da Xunta de Galicia.

Vogais:

Rocío de Sinde Penas, Técnica de Xestión do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra.

Fernando González Abeijón, funcionario A1 da Escala Xeral da Xunta de Galicia.

Constituído o Tribunal cualificador, dáse conta do seguinte:

- O obxecto da reunión é a realización da proba oral de galego do proceso selectivo de referencia e a contestación a unha reclamación.
- A única persoa aspirante emprazada para a realización da proba de galego, María del Rocío Valverde Moreira, non se presenta.

- Tras revisar a reclamación da aspirante Mónica Rocha Novoa acórdase desestimala por:

- O contrato de Auxiliar de bibliotecas interino de As Neves ten data de inicio pero non hai un documento que indique a data final ou un tempo de servizo para poder ser valorado.
- O certificado do director do Museo de Ponteareas non pode ser considerado un certificado expedido por unha administración, tería que ter presentado un certificado do Concello.
- O certificado da USC como membro dos equipos de investigación non pode ser tido en conta porque segundo indica a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no seu artigo 2.3: "*Teñen a consideración de Administracións Públicas a Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas, as Entidades que integran a Administración Local, así como os organismos públicos e entidades de dereito público previstos na letra a) do apartado 2: calquera organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das Administracións Públicas*".

Atendendo ao anterior, o Tribunal acorda elevar a definitivas as puntuacións outorgadas na fase de concurso, resultando a seguinte relación de persoas aprobadas por orde de puntuación:

Aspirante	Experiencia profesional	Outros méritos				Puntuación total
		Superación procesos selectivos	Cursos de formación	Coñecemento lingua galega	Titulación superior, máster ou posgrao na especialidade	
González Vaqueiro, María Rosa	90 puntos	4 puntos	4 puntos	0,50 puntos	0 puntos	98,50 puntos
Valiño Cid, Cecilia	0 puntos	0 puntos	2,80 puntos	0,50 puntos	0,50 puntos	3,80 puntos
Rocha Novoa, Mónica	0 puntos	0 puntos	1,70 puntos	0,50 puntos	0,50 puntos	2,70 puntos
San Anna Pereira de Souza, Jose	0 puntos	0 puntos	0,60 puntos	0,50 puntos	0 puntos	1,10 puntos
Valverde Moreira, María del Rocío	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0,50 puntos	0,50 puntos

Visto o anterior, o Tribunal cualificador, de conformidade co disposto na base novena da convocatoria, propón a contratación de D^a. MARÍA ROSA GONZÁLEZ VAQUEIRO, como Bibliotecaria, persoal laboral fixo do Concello de Salvaterra de Miño.

De acordo co previsto na base décima da convocatoria, a persoa proposta deberá achegar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpre cos requisitos esixidos para ingresar na función pública local, no prazo de (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de persoas aprobadas.

No caso de non presentar a documentación anterior dentro do prazo fixado, salvo nos casos que se mencionan no artigo décimo da convocatoria, non poderá ser nomeada persoal do Concello e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

Finalmente, dado o carácter de requisito do coñecemento da lingua galega, proponse a exclusión deste proceso selectivo a D^a María del Rocío Valverde Moreira, que non o acreditou nin tampouco realizou a proba oral correspondente á que se lle emprazou no día de hoxe.

E non sendo outro o obxecto da reunión, dáse por finalizada a mesma, estendéndose a presente acta de todo o que, como Secretaria, dou fe.

Asinado dixitalmente pola Presidenta e Secretaria deste Tribunal,

Elena Agüete Landín
Presidenta

Silvia Freiría Correa
Secretaria